



asociación pola defensa da ría

APDR ESIXE AO NOVO GOBERNO A DERROGACIÓN DA PRÓRROGA A ENCE

A Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) **esixe ao novo goberno español que aborde a solución definitiva á presenza do complexo ENCE-ELNOSA na Ría e cumpra así o compromiso adquirido coa APDR tanto polo PSOE como polo grupo Marea-Podemos no pasado ano 2016.**

Os distintos gobernos do PP mantiveron sempre unha absoluta conivencia coa dirección de ENCE e ELNOSA permitíndolle, na práctica, o incumprimento da lexislación en materia medio ambiental, argallando todo tipo de argucias para pasar por riba da legalidade urbanística (decreto de supramunicipalidade,...), e mesmo modificando as leis (entre outras a Lei de Costas) para favorecer a súa permanencia no seu actual emprazamento. Pero Mariano Rajoy foi demasiado lonxe ao concederlle, estando en funcións, unha prórroga de 60 anos a ENCE, unha prórroga que lle valeu a declaración como persoa non grata no Concello de Pontevedra e que foi apoiada polo PSOE pontevedrés.

Agora, e tras a chegada do PSOE ao goberno central, é hora de cumprir as promesas e facer xustiza coa poboación da comarca pontevedresa que vén esixindo a saída do complexo da Ría. Neste sentido, o PSOE ten nas súas mans a posibilidade de frear a continuidade de ELNOSA na Ría decretando a caducidade da súa concesión, impedindo así os plans do PP de mantela en Lourizán agardando tempos mellores. Porque, tal como sucedía coa de ENCE, son moitas as razóns que xustifican esta caducidade; abonda con citar o cambio de titularidade da empresa, que pasou a mans da portuguesa CUF (hoxe Bondalti).

Desde a APDR, esixímoslle ao PSOE a adopción desta primeira medida como primeiro paso no camiño cara á saída definitiva do complexo ENCE-ELNOSA da Ría, unha saída que non pode ter volta atrás e que pasa pola derogación da prórroga ilegal concedida por Mariano Rajoy á CELULOSA.

Pontevedra, 1 de xuño de 2018